



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24 DE XUÑO DE 2025

EXPEDIENTE: 2025/G007/000013

Considerando que o pasado día 20 de xuño someteuse á Comisión Especial de Contas o “*Establecemento do prezo público por actividades acuáticas mediante modificación do Anexo I da Ordenanza núm. 20 de normas xerais para o establecemento ou modificación de prezos públicos*”, en cumprimento do acordo adoptado polo pleno na sesión extraordinaria celebrado o día 13 xullo de 2023.

Considerando que unha vez ditaminado o referido asunto o mesmo debe ser sometido á Xunta de Goberno Local para que proceda á adopción do correspondente acordo, actuando neste caso o citado órgano no exercicio das competencias que lle teñen sido delegadas polo pleno, en virtude do acordo adoptado, na xa referida sesión, de data 13 de xullo de 2023.

Considerando que a adopción do acordo en relación a este asunto, non pode ser demorado no tempo, pola proximidade das datas previstas de inscrición para a participación nas quendas das actividades acuáticas que se pretenden ofertar, sendo preceptiva publicación do mesmo no Boletín Oficial de Provincia.

Á vista do exposto é polo que de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, no art. 113 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo plenario de data 13 de xullo de 2023, así como a Resolución desta Alcaldía 426/2023, de data 17 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local, que terá lugar na Casa do Concello (Alcaldía), no día de hoxe **24 de xuño de 2025 (martes) ás 13:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria, expte. 2025/G007/000006, de data 21 de marzo 2025.

3º.- Establecemento do prezo público por actividades acuáticas mediante modificación do Anexo I da Ordenanza núm. 20 de normas xerais para o establecemento ou modificación de prezos públicos

Segundo. Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, o secretario accidental, Carlos Cruz Freire, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).